

ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA EN COMPOSTELA


RUTAS DE ARQUITECTURA - REEDICIÓN

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

14 febreiro - 14 novembro 2026

Horario: de 11:00 a 13:30 h

DIRECCIÓN: Carmen Rey



O urbanismo e a arquitectura contemporánea seguen a ser os grandes descoñecidos da cidade de Santiago de Compostela. O obxectivo desta actividade é animar a cidadanía a ir máis alá da Compostela monumental para pasear, descubrir e gozar tamén dunha paisaxe arquitectónica actual e en constante cambio.

Nesta ocasión e, respondendo á demanda do público, reeditamos varias rutas de arquitectura realizadas nos últimos anos.

ARQUITECTURA PARA ESPAZOS CULTURAIS

Percorreremos as rúas de Santiago de Compostela para falar da arquitectura como contedor de espazos culturais. Deterémonos nalgúns destes lugares nos que, máis alá de limitarse a crear espazos destinados a prestar un servizo, a arquitectura pode e debe ser un elemento inspirador que acompañe e mellore a experiencia da visita.

Partiremos do CGAC, un centro que foi concibido desde os seus inicios para o fin que hoxe desempeña, e comentaremos a importancia desta obra de Álvaro Siza Vieira como contedor e continente de arte. Continuaremos a visita no Museo das Peregrinacións e de Santiago, proxectado por Manuel Gallego Jorreto sobre o edificio do antigo Banco de España. Poñeremos fin á nosa camiñada na Fundación Eugenio Granell, con sede no antigo Pazo de Bendaña.

Coñeceremos algúns recunchos ocultos destes edificios que nos brindan exemplos diversos sobre como intervenir nunha contorna declarada patrimonio da humanidade e sobre como poñer en valor arquitecturas preexistentes, que se transforman e se adaptan á programación de actividades culturais actuais dentro da trama medieval da cidade.

O CGAC E OUTROS FITOS DA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELÁ

Esta ruta recolle unha mostra das actuacións realizadas nos últimos cincuenta anos que, de forma continua, foron definindo e singularizando a zona norte da cidade.

El urbanismo y la arquitectura contemporánea siguen siendo los grandes desconocidos de la ciudad de Santiago de Compostela. El objetivo de esta actividad es animar a la ciudadanía a ir más allá de la Compostela monumental para pasear, descubrir y disfrutar también de un paisaje arquitectónico actual y en constante cambio.

En esta ocasión y, respondiendo a la demanda del público, reeditamos varias rutas de arquitectura realizadas en los últimos años.

ARQUITECTURA PARA ESPACIOS CULTURALES

Recorreremos las calles de Santiago de Compostela para hablar de la arquitectura como contenedor de espacios culturales. Nos detendremos en algunos de estos lugares en los que, más allá de limitarse a crear espacios destinados a prestar un servicio, la arquitectura puede y debe ser un elemento inspirador que acompañe y mejore la experiencia de la visita.

Partiremos del CGAC, un centro concebido desde sus inicios para la función que hoy desempeña, y comentaremos la importancia de esta obra de Álvaro Siza Vieira como contenedor y continente de arte. Continuaremos la visita en el Museo de las Peregrinaciones y de Santiago, proyectado por Manuel Gallego Jorreto sobre el edificio del antiguo Banco de España. Pondremos fin a nuestro recorrido en la Fundación Eugenio Granell, con sede en el antiguo Pazo de Bendaña.

Conoceremos algunos rincones ocultos de estos edificios que nos brindan ejemplos diversos sobre cómo intervenir en un entorno declarado patrimonio de la humanidad y sobre cómo poner en valor arquitecturas preexistentes, que se transforman y se adaptan a la programación de actividades culturales actuales dentro de la trama medieval de la ciudad.

EL CGAC Y OTROS HITOS DE LA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELANA

Esta ruta recoge una muestra de las actuaciones realizadas en los últimos cincuenta años que, de forma continua, han ido definiendo y singularizando la zona norte de la ciudad.



Falaremos da relación entre a arquitectura e a paisaxe, do diálogo entre a tradición e a modernidade, da pedra e das novas linguaxes arquitectónicas.

Partiremos do exterior do CGAC e falaremos da importancia desta primeira obra de Álvaro Siza na cidade. Continuaremos a camiñada deténdonos noutros fitos da arquitectura contemporánea compostelá, como o conxunto da avenida Xoán XXIII; a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, de Andrés Perea; a residencia do presidente da Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorreto; a quinta Simeón, tamén coñecida como parque de Vista Alegre, con intervencións de César Portela, Arata Isozaki e Antón García Abril; e o Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso. Remataremos o paseo, regresando á arquitectura de Siza Vieira, na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

ACTUACIÓNS DE BORDO

Nesta ruta descubriremos aqueles espazos urbanos que experimentaron transformacións nas últimas décadas. Amosaremos unha mostra das denominadas “arquitecturas de bordo”, é dicir, actuacións que conectan zonas da cidade construídas en distintas épocas. Falaremos da relación entre a arquitectura e a paisaxe, da escala urbana, da incorporación dos espazos verdes á trama da cidade, do diálogo entre tradición e modernidade, da pedra e das novas linguaxes arquitectónicas.

Partiremos do exterior do CGAC, onde falaremos da importancia da obra de Álvaro Siza Vieira en Compostela,

Hablaremos de la relación entre la arquitectura y el paisaje, del diálogo entre la tradición y la modernidad, de la piedra y de los nuevos lenguajes arquitectónicos.

Partiremos del exterior del CGAC y hablaremos de la importancia de esta primera obra de Álvaro Siza en la ciudad. Continuaremos el recorrido deteniéndonos en otros hitos de la arquitectura contemporánea compostelana, como el conjunto de la avenida Xoán XXIII; la Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, de Andrés Perea; la residencia del presidente de la Xunta de Galicia, de Manuel Gallego Jorreto; la quinta Simeón, también conocida como parque de Vista Alegre, con intervenciones de César Portela, Arata Isozaki y Antón García Abril; y el Auditorio de Galicia, de Julio Cano Lasso. Finalizaremos el paseo, regresando a la arquitectura de Siza Vieira, en la Facultad de Ciencias de la Comunicación de la USC.

ACTUACIONES DE BORDE

En esta ruta descubriremos aquellos espacios urbanos que han experimentado transformaciones en las últimas décadas. Mostraremos una selección de las denominadas “arquitecturas de borde”, es decir, actuaciones que conectan zonas de la ciudad construidas en distintas épocas. Hablaremos de la relación entre la arquitectura y el paisaje, de la escala urbana, de la incorporación de los espacios verdes a la trama de la ciudad, del diálogo entre tradición y modernidad, de la piedra y de los nuevos lenguajes arquitectónicos.

Partiremos del exterior del CGAC, donde hablaremos de la importancia de la obra de Álvaro Siza Vieira en Compostela; continuaremos el recorrido por el Parque de San Domingos de Bonaval, diseñado por la paisajista gallega Isabel Aguirre en colaboración con Álvaro Siza; el complejo residencial de A Caramoniña, de Víctor López Cotelo; y, desde la distancia, la intervención llevada a cabo en el Monte Gaiás, con la Ciudad de la Cultura. De regreso al CGAC, hablaremos de la importancia de las intervenciones de pequeña escala, con el ejemplo de la Casa 2M, del estudio de arquitectura 2es+.

CALENDARIO

ARQUITECTURA PARA ESPACIOS CULTURALES

14 de febrero. Plazo de inscrición: 4 y 5 de febrero

14 de marzo. Plazo de inscrición: 4 y 5 de marzo

11 de abril. Plazo de inscrición: 25 y 26 de marzo

EL CGAC Y OTROS HITOS DE LA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELANA

9 de mayo. Plazo de inscrición: 29 y 30 de abril

13 de junio. Plazo de inscrición: 3 y 4 de junio

ACTUACIONES DE BORDE

26 de septiembre. Plazo de inscrición: 17 y 18 de septiembre

10 de octubre. Plazo de inscrición: 30 de septiembre y 1 de octubre

ARQUITECTURA PARA ESPACIOS CULTURALES

14 de noviembre. Plazo de inscrición: 28 y 29 de noviembre

continuaremos a camiñada polo Parque de San Domingos de Bonaval, deseñado pola paisaxista galega Isabel Aguirre en colaboración con Álvaro Siza; o complexo residencial da Caramoniña, de Víctor López Cotelo; e, desde a distancia, a intervención levada a cabo no Monte Gaiás, coa Cidade da Cultura. De regreso ao CGAC, falaremos da importancia das intervencións de pequena escala, co exemplo da Casa 2M, do estudio de arquitectura 2es+.

CALENDARIO

ARQUITECTURA PARA ESPAZOS CULTURAIS

14 de febreiro. Prazo de inscrición: 4 e 5 de febreiro

14 de marzo. Prazo de inscrición: 4 e 5 de marzo

11 de abril. Prazo de inscrición: 25 e 26 de marzo

O CGAC E OUTROS FITOS DA ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA COMPOSTELÁ

9 de maio. Prazo de inscrición: 29 e 30 de abril

13 de xuño. Prazo de inscrición: 3 e 4 de xuño

ACTUACIÓNS DE BORDO

26 de setembro. Prazo de inscrición: 17 e 18 de setembro

10 de outubro. Prazo de inscrición: 30 de setembro e 1 de outubro

ARQUITECTURA PARA ESPAZOS CULTURAIS

14 de novembro. Prazo de inscrición: 28 e 29 de novembro

CARMEN REY (Santiago de Compostela, A Coruña, 1970) é titulada superior en Arquitectura, na especialidade de Edificación, pola Universidade da Coruña. Traballa no exercicio libre da súa profesión desde o ano 2000. Mostra do seu compromiso coa difusión da arquitectura e do urbanismo de Santiago é o seu labor, desde 2002, no deseño e realización de rutas de arquitectura contemporánea para distintos organismos, como o Colexio de Arquitectos de Galicia, o Concello de Santiago, a Xunta de Galicia e o CGAC.

Formou parte da Comisión de Cultura da Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (2003- 2007) e representou esta institución como integrante do Grupo Relator Técnico e da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Plan especial da cidade histórica de Santiago (PE-1) do Concello de Santiago (2015-2023).



CARMEN REY (Santiago de Compostela, A Coruña, 1970) es titulada superior en Arquitectura, en la especialidad de Edificación, por la Universidad de A Coruña. Trabaja en el ejercicio libre de su profesión desde el año 2000. Muestra de su compromiso con la difusión de la arquitectura y el urbanismo de Santiago es su labor, desde 2002, en el diseño y realización de rutas de arquitectura contemporánea para distintos organismos, como el Colegio de Arquitectos de Galicia, el Ayuntamiento de Santiago, la Xunta de Galicia y el CGAC.

Formó parte de la Comisión de Cultura de la Delegación de Santiago del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia (2003- 2007) y representó a esta institución como integrante del Grupo Relator Técnico y de la Comisión Asesora de Patrimonio Histórico del Plan Especial de la ciudad histórica de Santiago (PE-1) del Ayuntamiento de Santiago (2015-2023).

INSCRICIÓN

A actividade é de balde. Para participar é necesario inscribirse previamente dentro dos prazos previstos para cada unha das sesións enviando a cgac.educacion@xunta.gal unha mensaxe electrónica cos seguintes datos: nome completo, número de teléfono, enderezo electrónico e estudos, área de traballo ou interese. Poderase inscribir un máximo de dous participantes mediante cada solicitude e, nese caso, será necesario enviar todos os datos de ambas as persoas. As prazas cubriranse por orde de inscrición. As persoas rexistradas recibirán unha notificación do estado da súa solicitude por correo electrónico.

PRAZAS: 20

COORDINACIÓN: Virginia Villar

INSCRIPCIÓN

La actividad es gratuita. Para participar es necesario inscribirse previamente dentro de los plazos previstos para cada una de las sesiones enviando a cgac.educacion@xunta.gal un correo electrónico con los siguientes datos: nombre completo, número de teléfono, dirección de correo electrónico y estudios, área de trabajo o interés. Podrá inscribirse un máximo de dos participantes por solicitud y, en ese caso, será necesario enviar todos los datos de ambas personas. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Las personas inscritas recibirán una notificación del estado de su solicitud por correo electrónico.

PLAZAS: 20

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31

cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

Colaboran:



MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS
DE SANTIAGO



Fundación EUGENIO GRANELL